

PASADAS XA AS 750 LEGUAS, MÁIS ALÁ DOS CÁLCULOS ESTABLECIDOS POLO XENOVÉS, ENCONTRÁBANSE AO BORDO DO MOTÍN.

TEMOS QUE POÑER FIN A ESTA LOUCURA!

MORREREMOS NO ESQUECIMENTO E AS NOSAS ALMAS VAGARÁN POR ESTES MARES POR TODA A ETERNIDADE.

MATARANNOS A FAME E A SEDE!

DIN QUE MÁIS ALÁ HABITAN MONSTROS.


A VIAXE ERA MÁIS LONGA DO PREVISTO. EMPEZABAN A ESCASEAR AS PROVISIÓNS E A MORAL DA TRIPULACIÓN VIÑASE ABAIXO.

ESCOLLAMOS OS MÁIS REBELDES E DEAMOS UN CASTIGO EXEMPLAR. ASÍ ATALLAREMOS ESTE INTENTO DE MOTÍN.

ISO SERÍA PEOR. NON, SE PASADOS UNS DÍAS NON AVISTAMOS SINAI S CERTOS DE TERRA, EU MESMO DAREI A ORDE DE REGRESAR.

CASE CUMPRIDO O PRAZO ESTABLECIDO, CANDO TODO PARECÍA PERDIDO, UN BERRO RESOOU SOBRE AS ONDAS...

TERRA!



DUISBURGO, 1569

POUCAS VECES UNHA PALABRA TIVO MAIORES REPERCUSIÓNS. CAMBIARON MAPAS E FRONTEIRAS, A AGRICULTURA E O COMERCIO.

AQUÍ TEN O PRIMEIRO EXEMPLAR DO SEU LIBRO DE MAPAS, MAESE MERCATOR!

MÁIS, POR QUE CHAMOU VOSTEDE ATLAS A ESTE COMPENDIO DE MAPAS?

EN HONOR AO XIGANTE DA MITOLOXÍA GREGA QUE SOSTIÑA A BÓVEDA CELESTE.

